

INFORMACIÓN CONTAS G SUITE PARA CENTROS EDUCATIVOS

Dende o esforzo que no IES Manuel García Barros estamos realizando pola incorporación das TIC (Tecnoloxías de Información e da Comunicación) ao ensino, aproveitamos para informalo ou recordarlle que utilizamos G Suite para Centros Educativos. G Suite para Centros Educativos son o conxunto de ferramentas de produtividade educativa de Google (Gmail, Calendar, Documentos, Classroom, etc.) que utilizan dez millóns de alumnos e profesores de todo o mundo. No IES Manuel García Barros os alumnos utilizan as súas contas de G Suite para completar as tarefas, comunicarse cos seus profesores e aprender as destrezas dixitais do século XXI.

En correspondencia co anterior solicitamos o consentimento para poder dar de alta ou seguir proporcionando e xestionando unha conta de G Suite para Centros Educativos para o seu fillo/a, polo que lle pedimos que cumprimente e entregue asinada a presente folia:

D./na. _____ con NIF _____ como pai, nai ou representante legal do/a alumno/a _____ do curso _____, autorizo a que o IES Manuel García Barros proporcione e xestione unha conta de usuario de G Suite para o meu fillo/a, conta que leva asociados unha serie de servizos principais e adicionais que se empregarán sempre con fins exclusivamente educativos, o cal fago extensivo a todo o período de escolaridade do meu fillo/a no IES Manuel García Barros. Co anterior tamén aceptamos expresa e conscientemente que os datos derivados de dita conta de G Suite para Centros Educativos poden ser transferidos internacionalmente aos países onde se atopen os servidores de Google Inc. e que poden non ter un nivel de protección xurídica de datos persoais equiparable a España nin tampouco posuír garantías axeitadas para o seu tratamento. Así mesmo recoñecemos estar informados da posibilidade de revogación desta autorización en calquera momento comunicándoo ao centro.

A Estrada, ____ de _____ de _____.

Asdo.: _____

(Representante legal do/a alumno/a)

Asdo.: _____

(O/a alumno/a)

NOTA: debe asinar sempre o alumno/a e, de ser menor de 14 anos, tamén o pai, nai ou representante legal.